

DISCURSO FINAL DE MANIFESTACIÓN DE PONTEVEDRA

21 MARZO

- Agradecer aos asistentes a participación e o apoio
- Saudar a presenza dos cidadáns de Pontevedra e de todos os concellos da área sanitaria, dos alcaldes e dos representantes das organizacións políticas e sociais (veciñais, sindicais, culturais, ...) que apoian a manifestación e ao amplo espazo de consenso que representan a “Plataforma Contra a Privatización e polo Hospital Único de Pontevedra”, así como a nivel galego “SOS: Sanidade Pública”.

É indubidable que nos atopamos aquí para protestar enerxicamente, coa idea certa de que **podemos berrar máis outo pero non máis nidio**, que estamos en contra de recortes na sanidade pública e a prol dun hospital único para Pontevedra.

Porén, cómpre recordar que os recortes non están soamente na sanidade pública senón que abranguen a todos e cada un dos piares nos que se fundamentaba o estado de benestar, que **tiñamos acadado cunha loita teimuda, constante e rigorosa** que nos levara a ter as xeracións mellor formadas da historia do noso país, a esperanza de vida máis longa e a mortalidade infantil máis baixa.

Os recortes en **ensino, xustiza gratuíta, comedores escolares, igualdade, dependencia e atención aos nosos maiores, liberdades profesionais, salarios e prestacións sociais, as subas de impostos e a supresión de axudas fan que -por unha banda- a crise a soporten as clases máis desfavorecidas, xunto cos traballadores e os funcionarios.**

Pero -por outra banda -non pensedes que se trata dun problema español, trátase dunha **crise de identidade internacional** que desemboca no rexurdimento dunha **política neoliberal** que destrúe o estado de benestar ao que me referín antes, cercena o noso futuro e nos empobrece a todos.

A Xunta de Galicia, está acelerando a súa estratexia de desmantelamento e recorte da sanidade pública, para deixar espazo libre aos grandes grupos de financeiros, empresariais e multinacionais sanitarias, que queren facer negocio cos recursos que destinamos a garantir o dereito á saúde en Galicia e en Pontevedra.

O DEREITO Á SAÚDE ESTÁ EN PERIGO REAL

O Goberno español e a Xunta de Galicia recortaron brutalmente o gasto sanitario, para trasladar o pagamento da débeda contraída polos bancos e as construtoras como consecuencia das súas manobras especulativas.

Introduciron o **copagamento, realmente o repagamento**, por servizos sanitarios tan importantes como as **medicinas, as ambulancias, as próteses, as cadeiras de rodas, as muletas ou os alimentos especiais para as persoas máis doentes .**

Quitaron o dereito á **atención dos mozos**, as amas de casa ou os inmigrantes .

Queren suprimir a universalidade da atención, sacando da sanidade pública moitas prestacións polas que haberá que pagar ou contratar seguros privados .

Pretenden que paguemos até por acompañar aos nosos familiares durante a súa estadía nos hospitais.

ESTA POLÍTICA INCREMENTARÁ A DESIGUALDADE NALGO TAN SENSIBLE COMO A SAÚDE DAS PERSOAS, EN DETRIMENTO SOBRE TODO DOS MÁIS NECESITADOS

Todas estas medidas afectan aos máis maiores, enfermos, necesitados e con menos ingresos, aos que van dificultar o acceso á atención e aos coidados sanitarios, poñendo en risco as súas vidas.

Vai medrar a desigualdade, a dor, a marxinação e a inseguridade das persoas cando son máis vulnerábeis, que é cando están doentes.

NON O PODEMOS TOLERAR.

A saúde é un dereito, e como tal está recoñecido na Constitución e na lexislación sanitarias, e non estamos dispostos a renunciar a ese dereito.

Non imos tolerar que se desmantele e privative un sistema sanitario que nos dá tranquilidade e seguridade para afrontar a enfermidade e a dor.

Non toleraremos a inxustiza de deixar a persoas sen o dereito á atención por motivos económicos ou burocráticos e para facer máis ricos aos que xa o son.

Pontevedra necesita un Hospital único que acabe cos problemas e as carencias dun hospital partido en dous, separados por quilómetros de distancia. Pontevedra, e a súa Área Sanitaria, precisa dunha dotación de recursos que nos merecemos por poboación, por xustiza e por racionalidade.

Non é razoable o tráfico de enfermos, médicos e probas, polas estradas e rúas de Pontevedra que dificulta e encarece a atención dos doentes.

HAI ANOS QUE LEVAMOS LOITANDO POR UN HOSPITAL ÚNICO E PÚBLICO.

Quixéronnos enganar, co engado dun novo Hospital cuxa construción, ademais de moito máis custosa, destruirá innecesariamente bens e recursos públicos e particulares, co único obxectivo de facer negocio co diñeiro de todos.

Estamos en crise e temos que aproveitar os recursos. Non é lóxico, coherente nin decente, tirar os máis de 67 millóns de euros empregados en renovar Montecelo. Non nos deixamos enganar: ampliar Montecelo é factible, economicamente razoable e de solución rápida. Monte Carrasco é unha quimera cun financiamento complicado e caro para os poderes públicos, que deixaría o Hospital de Pontevedra en mans de empresas privadas en busca de beneficio.

SABEMOS QUE A SANIDADE É INCOMPATIBLE CO NEGOCIO POR ISO QUEREMOS UN HOSPITAL PÚBLICO E UNICO .

Acontecementos recentes reflectidos nos medios de comunicación, a nivel **estatal** e internacional, fixeron evidente os riscos de mesturar a saúde cos intereses privados.

Queremos un Hospital público e querémolo xa !!!!

Porque o necesitamos.

ESTA MANIFESTACIÓN É UNHA PROBA MÁIS DA VONTADE INQUEBRANTABLE DE PONTEVEDRA E DOS CONCELLOS E POBOS DA ÁREA POR CONSEGUILO .

NON IMOS PARAR .

NON NOS RENDEREMOS .